



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c



ACTA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN

Día: Martes, 23 de decembro de 2025

Hora: 11:00 horas

Lugar: Salón de Plenos do Concello de Lousame

Asistentes:

- *Esteban Ares García, Alcalde de Lousame.*
- *Estefanía Paz Otero, representante de UGT*
- *Juan Ramón Montero Creo, delegado de UGT no Concello*
- *José Manuel Outeiral Castro, delegado de UGT no Concello*
- *Paula Ares Otero, Secretaria do Concello de Lousame, co obxecto de dar fe e levantar a Acta da reunión.*

Comeza a reunión dando conta de que a esta Mesa Xeral de Negociación foron convocados os 4 sindicatos máis representativos a nivel autonómico: UGT, CCOO, CIG e CSIF. Sen embargo, só asisten os representantes da UGT, polo que a Mesa Xeral de Negociación queda constituída formalmente con este sindicato.

O obxecto da Mesa Xeral de Negociación é o Anexo de Persoal e Cadro de Persoal do Orzamento para o exercicio 2026.

Os representantes sindicais sinalan que non teñen nada que obxectar, posto que están recollidas as retribucións para o exercicio 2026 en virtude do Acordo Marco para a mellora do emprego público e o servizo á cidadanía, asinado o 27/11/2025 entre o Goberno de España e as organizacións sindicais UGT e CSIF. Esta subida salarial foi aprobada mediante Real Decreto Lei 14/2025, do 2 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público que supón:

- 1) O incremento do 2,5% das retribucións vixentes a 01/12/2025.
- 2) Subida salarial consolidable do 1,5% respecto aos importes vixentes a 31/12/2025, actualizados no Real Decreto Lei 14/2025, do 2 de decembro, con efectos do 01/01/2026.
- 3) Posible incremento retributivo adicional e consolidable, do 0,5% respecto ás retribucións vixentes a 31/12/2025, actualizadas en virtude do Real Decreto Lei 14/2025, do 2 de decembro, se a variación do IPC no 2026 é igual ou superior ao 1,5%.

Finalizado o obxecto da Orde do Día, a representante de UGT, dona Estefanía Paz Otero, prégalle ao Alcalde dote unha partida orzamentaria de cara os orzamentos do 2027, para dous aspectos:


- 1) Estudar a posibilidade de incluír un Fondo Social para os empregados públicos (axudas médicas, odontolóxicas, farmacéuticas, de estudos....) nos Orzamentos do 2027.
- 2) Dotar unha partida orzamentaria nos Orzamentos do ano 2027 que poida asumir un posible incremento retributivo derivado dunha revisión e valoración dalgúns postos de traballo contidos na RPT do Concello. En relación a este último punto, farán unha análise máis pormenorizada dos postos que consideran que deben ser re-valorados e remitirana ao Concello para o seu estudo.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, ás 11:30 horas, no lugar e data arriba indicados.

Esteban Ares García, Alcalde do Concello.



Estefanía Paz Otero, en representación da UGT



Juan Ramón Montero Creo, delegado de persoal, en representación de UGT



José Manuel Outeiral Castro, delegado de persoal, en representación de UGT



Paula Ares Otero, Secretaria do Concello.